



Área / Unidad COMERCIO NPT	Documento 5101AI00CI	
Código de verificación 	Expediente 510/2026/41	
4846 1Z2L 601K 6D3A 113S	Fecha 10-06-2026	

RESOLUCIÓN

Á vista do informe-proposta precedente emitido pola xefa do Servizo de Emprego e Empresa, coa conformidade do director da Área de Emprego, Comercio e Mercados, e facendo uso das competencias que me confire a delegación da Xunta de Goberno Local de data 04.07.2024 (BOP nº 129 do 05.07.2024) e consonte ao Decreto da Alcaldía 3531/2024 de data 19.06.2024 (BOP nº 122 do 26.06.2024) que establece as áreas de xestión da organización municipal,

RESOLVO:

Primeiro: Aprobar as bases reguladoras e convocatoria de subvencións destinadas á promoción e dinamización do comercio local e dos mercados de abastos no municipio da Coruña durante o exercicio 2026, que se incorporan ao expediente con número 5101AI00CL (galego) e 5101AI00CJ (castelán).

Segundo: Autorizar o gasto por importe de **OITENTA MIL EUROS (80.000,00 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria **61.430.48900** do orzamento municipal vixente.

Terceiro: Autorizar a realización de todos os trámites necesarios para proceder á publicación das ditas bases nos correspondentes diarios oficiais e demais medios requiridos pola lexislación vixente.

A Coruña, na data da sinatura electrónica que consta no presente documento.

P.D. Xunta de Goberno Local

A Concelleira responsable da área de Emprego, Comercio e Mercados

(P.A. O Concelleiro de Educación, Formación e Innovación Tecnolóxica, *Decreto DEC/AYT/94/2026*)